

**ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN PROVOCADA POLA COVID-19
CURSO 2020-2021**

Aprobada en Claustro e Consello Escolar o 8 de outubro de 2020

Destácanse en encarnado as modificacións realizadas nas NOF.

Documentación:

- *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (de aquí en diante PDC COVID-19)*
- *Instrucións polas que se incorporan a Declaración de Actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (DOG, nº 174 Bis do 28/08/2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo de 22 de xullo de Adaptación ao Contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (de aquí en diante Instrucións)*
- *Normas de Organización e Funcionamento. IES Félix Muriel. Actualizadas en outubro de 2019.*

Como consecuencia da situación sanitaria provocada pola COVID-19, as NOF do centro modifícanse de acordo coas indicacións do *PDC COVID-19* e das *Instrucións* e co fin de preservar a saúde de toda a comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado e persoal non docente).

A) NORMAS XERAIS.

- i. **Non asistirá ao centro o alumnado que presente síntomas compatibles coa COVID-19**, os que se atopen en illamento por diagnóstico da COVID-19 ou os que estean en corentena domiciliaria. Tampouco poderá acceder ao centro o alumnado que conviva cunha persoa sospeitosa de padecer a COVID-19 ata que se certifique que esta persoa non está infectada. O resultado negativo da proba da COVID-19 seralle comunicada ao centro antes de enviar ao alumno/a ao centro.
- ii. Para a detección precoz no alumnado, este (ou os seus pais/nais/ titores-as legais) realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Utilizarase unha enquisa clínica que se describe no Anexo I e que debe realizarse antes da chegada ao centro. Esta enquisa estará pendurada na páxina web do centro.
- iii. No caso de se detectar sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudiría ao centro e el/a ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais, nais ou titores/as legais.
- iv. Ante a detección de síntomas compatibles coa infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada a este, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que **deberá presentarse no centro na maior brevidade posible.**

- v. No momento de acceder ao centro procederá á desinfección das mans, ben nas billas situadas no exterior ben co xel alcohólico situado nas entradas ao edificio.
- vi. É de **uso obrigado o uso da máscara** de protección en todo o centro -espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, biblioteca...), nas entradas e saídas ao centro, recreo- tanto no período lectivo coma nos recreos. Nas clases de Educación Física, sempre e cando o/a profesor/a así o indique, poderase prescindir do uso da máscara naquelas actividades que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros.
- vii. Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 m co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída do posto escolar, así como nos tempos de descanso.

B) ENTRADA E SAÍDA DO CENTRO E AULA

Na entrada e saída ao centro non se poderán crear grupos de persoas.

Haberá carteis e indicacións específicas para cada grupo / nivel na aula de referencia.

Na circulación por corredores e escaleiras, esta realizarase pola man dereita.

Alumnado do edificio Principal (2º e 4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato e Ciclo Medio)

Portalón principal (fronte ao Ed. Principal)


- Accederán pola **porta 2** e dirixirase á súa aula o alumnado de:
 - Ciclo Medio que teña clase a 1ª hora na aula da planta baixa.
 - 4º ESO B.
- Accederán pola **porta 2** e subirán pola **escaleira A**:
 - 2º Bacharelato C
 - 4º ESO A
 - 4º ESO C
- Accederán pola **porta 2** e subirán pola **escaleira B**:
 - O alumnado de Ciclo Medio que teña clases a 1ª hora no 1º andar.
 - 2º ESO E
 - 2º ESO D
- Accederán pola **porta 3** e subirá pola **escaleira C** os seguinte grupos:
 - 4º ESO D
 - 2º ESO A
 - 2º ESO B
 - 2º ESO C
- Accederán pola **porta 4** e dirixiranse á súa aula: 2º BAC A.
- Accederán pola **porta 4** e subirán pola **escaleira D** os seguintes grupos:

- 1º BAC A
- 1º BAC B
- 1º BAC C
- 2º BAC B

Alumnado do edificio Anexo (1º ESO e 3º ESO)

Portalón secundario (frente ao Ed. Anexo)

- Alumnado con aulas no 1º andar: accede ao edificio pola porta 5 e subirá pola escaleira E.
- Alumnado con aulas no 2º andar: accede ao edificio pola porta 6 e subirá pola escaleira F.



C. NA AULA

- i. Terá que seguir as indicacións de acceso e saída da aula en todo momento e gardarase a distancia de seguridade á hora de entrar e saír da aula, sen crear grupos de persoas na

porta tanto á saída como á entrada. Lémbrese que cómpre gardar unha distancia de 1,5 metros entre as persoas.

- ii. Cada alumna/o dirixirase á súa mesa e permanecerá no seu lugar durante toda a sesión lectiva. Non está permitido xuntar mesas, crear grupos de alumnos/as... en ningún momento (cambio de clase, período de lecer, chegada ao centro...).
- iii. **Cada alumno/a terá asignada unha mesa e cadeira** que non poderá mover do lugar.
- iv. Todo o alumnado procederá á limpeza e desinfección do seu posto de traballo ao rematar a sesión na aula.
- v. O alumnado non compartirá material de uso propio (bolígrafo, lapis, papel, libro...) con ningún dos seus compañeiros e compañeiras e non manipulará o dos outros alumnos/as.
- vi. Cando sexa preciso compartir material da aula (por exemplo, xiz), o alumnado deberá desinfectar o material e empregar xel hidroalcohólico para a limpeza das mans.
- vii. As ventás, portas, persianas, luces, ordenador, proxector... só serán manipulados polo profesorado.
- viii. Intentarase, na medida do posible, manter a aula aireada, coas xanelas abertas. No caso de se compartir aula con outros grupos, ao finalizar a sesión, as ventás permanecerán abertas ata a incorporación do seguinte grupo. De acordo coas Instrucións, ventilarase o centro 15 minutos ao inicio da xornada lectiva, durante os recreos e ao finalizar as clases; así mesmo, se as condicións meteorolóxicas o permiten, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible. No caso de un/ha profesional prestar asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polo menos 15 minutos logo de cada sesión.
- i. Extremarase a limpeza na aula: farase uso da papeleira á entrada e saída da aula co fin de evitar o movemento de persoas dentro da aula.

D) NOS CORREDORES E ESPAZOS COMÚNS

- Non se poderá permanecer nos corredores en ningún momento; só se poderá circular por eles co fin de se dirixir á aula ou, no caso de autorización expresa dun/ha profesor/a, para ir ao baño ou a outra aula.
- O acceso aos baños só estará permitido durante as sesións lectivas e cambios de aula con autorización expresa do profesorado. O alumnado accederá aos baños do seu edificio única e exclusivamente, tanto no período lectivo como nos de lecer.
- Durante o período de lecer, non se poderán producir concentracións dentro do baño de máis de tres persoas e permanecerán dentro só o tempo imprescindible, seguindo en todo momento as indicacións hixiénicas de lavado de mans e uso das papeleiras.

O non cumprimento destas normas por parte do alumnado será considerada **falta leve** xa que se está a pór en perigo a saúde dun número moi elevado de persoas, non só aquelas coas que se convive no centro, senón tamén as súas familias e a contorna. A reiteración deste tipo de condutas pode implicar a suspensión do dereito de asistir ao centro entre 1 e 3 días lectivos.

USO DA FOTOCOPIADORA

Os orixinais para fotocopiar deixaranse na conserxería con 48 horas de antelación co fin de que poidan estar illadas o tempo suficiente antes de que as manipule o persoal e posteriormente as recolla o profesorado.

Lémbrese que é posible realizalas “no momento” sempre e cando imprima o profesorado desde os ordenadores e vaia el mesmo a recollelas.

RECOLLIDA DE TRABALLOS EN PAPEL E EXAMES

O profesorado disporá dunha caixa de plástico de tamaño algo superior a un folio co fin de que o alumnado poida depositar nela os seus traballos e/ou exames e logo o profesor ou profesora ponos en corentena.

A continuación refírense algúns dos apartados modificados mentres dure a situación de emerxencia sanitaria pola COVID-19:

III.3.2.4. REUNIÓN DOS PAIS/NAIS CO PROFESORADO TITOR

Este apartado queda redactado da seguinte maneira:

As citas co profesorado titor solicitaranse a través da plataforma ABALAR MÓBIL ou teléfono e serán telefónicas ou videoconferencias. Só **en casos excepcionais** terá lugar unha reunión presencial no centro, sempre previa cita.

Procurando a mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou tutores para facilitar a estes o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos/as, establécense unha serie de actuacións:

- a No IES Félix Muriel de Rianxo celebraranse **reunións coas nais e pais** e co alumnado:
 - i. A principios do ano académico 2020-2021 en setembro, en especial con nais e pais do alumnado de 1º de ESO, **sempre e cando a situación sanitaria o permita. De non se poder levar a cabo, toda a información precisa será publicada na páxina web do centro e informarase ás familias a través da plataforma ABALAR MÓBIL.**
 - ii. Durante a primeira quincena de outubro por grupos e co/a respectivo/a titor/a tanto na ESO coma no Bacharelato. ~~No caso da Formación Profesional e Ciclo Medio valorarase a súa conveniencia dependendo da idade e circunstancia do alumnado.~~ **sempre e cando a situación sanitaria o permita. De non se poder realizar, enviarase a información a través de medios dixitais.**
 - iii. Puntualmente, ao longo do curso, por petición e acordo de Xunta de Avaliación do curso ou por solicitude do/a titor/a para tratar aspectos de carácter académico. Estas reunións poden ser, dependendo do caso, con ou sen alumnado, co/a titor/a e/ou presenza do profesorado do grupo.
 - iv. Reunións informativas coas familias e o alumnado participante por mor dunha saída educativa de varios días de duración, cos programas educativos de intercambio ou análogo. **Estas realizaranse na medida do posible virtualmente, a través de videoconferencias ou achegando a información pola aplicación ABALAR MÓBIL.**

- b Coidarase de xeito especial de que as horas de atención por parte dos titores/as ás nais e pais ou responsábeis legais sexan razoablemente compatíbeis coas obrigas laborais e familiares destes, respectando sempre o horario laboral do/a titor/a e tendo presente as horas de permanencia no centro do/a docente.
- c Garantirase, igualmente, a dispoñibilidade dos membros dos Equipos Directivos dos centros docentes para a atención ás nais e pais ou titores/as dos alumnos **previa cita e telefonicamente. Só excepcionalmente se realizará de xeito presencial.**
- d Procurarase que o horario semanal individual do profesorado favoreza a súa dispoñibilidade, teñan ou non a condición de titores/as, para a atención ás nais e pais ou responsábeis legais do alumnado.
- e As entrevistas dos pais/nais co/a titor/a desenvolveranse habitualmente nas salas habilitadas polo centro a tal efecto **e, durante a situación de alarma sanitaria, serán excepcionais.**
- f ~~Débesse canalizar a través do/a titor/a as reunións co profesorado das diferentes áreas.~~ **As reunións telefónicas concertaranse a través da aplicación ABALAR MÓBIL e establecerase a hora en que se manterá a conversa telefónica.**
- g Nas reunións coas nais e pais o/a titor/a facilitará un informe de seguimento académico do/a alumno/a que amose a súa situación académica en cada área ou materia, o grao de desenvolvemento das competencias clave e a valoración e orientación do propio titor. **Este informe enviarase por correo electrónico unha vez rematada a conversa telefónica ao pai/nai ou titor/a legal sempre e cando o soliciten.**

III. 5.3 ATENCIÓN A NAIS E PAIS DE ALUMNOS NO SEGUIMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO

O punto 3 queda redactado do seguinte xeito:

- 3. As solicitudes de atención poderán realizarse ~~a través do propio alumnado,~~ por teléfono ou por medio do sistema ABALAR MÓBIL, ~~xa~~ a disposición da Comunidade Educativa.

II. 5.4 PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DO ALUMNADO EN CASO DE ACCIDENTE OU INDISPOSICIÓN FÍSICA.

Engádese o seguinte epígrafe:

Seguiranse as indicación do *Plan de Adaptación á situación COVID 19 no curso 2020-2021*, ao cal se poderá acceder na páxina web do centro.

III.1.4.1.2. Pautas de actuación do profesorado ante casos de impuntualidade

Engádese ao comezo do apartado o seguinte epígrafe:

“As portas de acceso ao centro permanecerán pechadas mentres dure a situación de emerxencia sanitaria e a impuntualidade non xustificada será considerada unha **falta de conduta leve xa que impide o control de acceso ao centro do alumnado. O alumnado que chegue tarde ao centro terá que acceder pola portal principal de acceso e informar en Conserxería da súa chegada e o motivo.”**

III.7.4.1.3. PERÍODOS DE LECER

Engádese:

- c) Durante os períodos de lecer, o alumnado permanecerá nos espazos habilitados para o seu nivel de estudos, os cales lle serán comunicados nos primeiros días de curso.
- d) Non se poderá acceder á cafetería agás no tempo establecido para cada grupo e/ou nivel.

III. 1.4.1.5. Sobre o absentismo escolar

Engádese o seguinte parágrafo:

“De acordo co *PDC COVID-19 nos centros de ensino non universitario para o curso 2020-2021* as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas (refírese ás Medidas de prevención básicas) considéranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación”.

III.2.2.1. DE CARÁCTER XERAL (PROFESORADO)

Éngadese o apartado:

8. Seguir as indicacións referentes á situación de emerxencia sanitaria tanto do Grupo Covid-19 do centro.

III.2.2.4. DE ACTUACIÓN NA AULA (PROFESORADO)

O apartado 4 queda redactado do seguinte xeito:

4. Se algún alumno/a se atopa enfermo durante o desenvolvemento das clases ou nalgunha garda, o profesor/a que nese momento se atope na aula debe avisar, mediante o/a delegado/a, a algún profesor de garda. Este chamará a un conserxe para que llo comunique telefonicamente á familia e o veña recoller. **Se os síntomas que presenta o alumno ou alumna son compatibles coa COVID-19 informarse ao Equipo Directivo ou profesorado do equipo COVID-19.**

8. Ao remate da xornada lectiva, deixar apagados os equipos e luces das aulas; **así mesmo, comprobará que o alumnado desinfecta o seu lugar de traballo e sae da aula gardando as distancias de seguridade e se dirixe á saída e ao autobús sen crear grupos de persoas no interior do recinto escolar.**

III.2.2.6.1. Gardas de clase.

Elimínase o punto 3 co fin de non provocar a concentración de alumnado de diferentes grupos:

~~3. De haber máis grupos que profesorado de garda nalgún dos edificios tentarase, no caso de os grupos seren pequenos, xuntalos nunha aula ou levalos a unha estancia do centro onde poidan ser atendidos (usos múltiples, salón de actos, biblioteca) sempre que non estean ocupadas con outras actividades. En ningún caso poderán saír ao patio.~~

Modifícanse os punto 4 e 5:

“4. De non ser posible o agrupamento, buscarase axuda no resto do profesorado, por esta orde:

- chamarase o profesorado de garda do outro edificio, no caso de que estea dispoñible e sempre que quede unha persoa alí.
- chamarase ao profesorado que, tendo horario lectivo nese momento, non teña alumnado porque este estea realizando AA.EE.

- chamarase ao profesorado que teña hora de dedicación de Xefatura de Departamento.
- chamarase os membros do equipo directivo que estean de garda

5. Velar, durante os cambios de clase, para que o alumnado permaneza dentro das aulas e no seu sitio, e aquel alumnado que se traslade de aula manteña a orde e o adecuado comportamento. Informar a XE e/ou outro membro do ED do alumnado que sae da aula ou non permanece no seu sitio.”

III.3.2. DEBERES DAS/DOS NAIS/PAIS DO ALUMNADO

Engádese:

13. Realizar a autoenquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, se estes son compatibles coa COVID.
14. De o fillo ou filla presentar estes síntomas NON poderán envialo/a ao centro e poñerese en contacto co seu centro de saúde.
15. Informar ao centro no caso de que o alumno/a presente síntomas compatibles coa COVID-19 e, seguindo as indicación do *PDC COVID-19*, “manterase en illamento preventivo e domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde”.
16. A familia facilitará un ou varios números de teléfono que estean operativos ao longo da xornada lectiva co fin de favorecer a súa localización no caso de o/a alumno/a presentar sintomatoloxía compatible coa COVID-19 durante a xornada escolar co fin de cumprir co *PDC COVID-19 no cal se sinala que a “familia ou persoa de referencia deberá presentarse no centro á maior brevidade posible”*. No caso de non ser o pai/nai a persoa de referencia, deberállelo comunicar ao centro a comezo de curso co fin de favorecer a comunicación en caso de necesidade.

IV.1.2. NORMAS DE CONVIVENCIA

Engádese o seguinte punto de acordo co *PDC COVID-19*:

“Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.”

IV.1.21.

Engádese o punto 4:

“Consideraranse circunstancias agravantes:

1. a premeditación e reiteración
2. causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiro/as de menor idade ou recentemente incorporados ao centro.
3. calquera dano que atente contra a non discriminación das persoas por razón do seu nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións morais, políticas ou relixiosas así como por discapacidades físicas ou psíquicas.

4. calquera acción que non respecte as normas relacionadas coa situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19 xa que o seu incumprimento pon en perigo o resto da comunidade educativa.

IV.1.2.4.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Prestaráselle especial atención ao longo do curso 2020-2021 ao apartado 9) que está redactado do seguinte xeito: “As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas”.